

SERVIZOS DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR

Contextualización

Os SEAFs (Servizos de Educación e Apoio Familiar) forman xa servizo consolidado dende hai anos nos distintos concellos de toda Galicia.

Dende o Ceesg levamos tempo desenvolvemento formación especializada que xere un tecido colaborativo e participativo entre as profesionais da Educación Social dos SEAFs.

É preciso xerar e **manter unha rede profesional que active a mellora continua deste servizo** a través de prácticas innovadoras e participativas tal e como promove a normativa galega en materia de servizos sociais.

Iniciase este **evento formativo co apoio da DX Familia da Xunta de Galicia** no ano 2023. Este 2025 mantense esa colaboración co obxectivo de seguir priorizando os SEAF como recurso de apoio ás familias dentro dos SSC dos concellos de Galicia.

O formato convivencial ten a finalidade de reforzar a rede de Educadores/as Sociais dos concellos de Galicia apostando por unha liña de coordinación e autocoidado efectiva e baseada na sororidade e coidado profesional así como dunha rede de profesionais que se recoñezan entre si e favoreza o benestar profesional. A asistencia durante toda a formación convivencial é obrigatoria atendendo ós obxectivos da convivencia.

Expedirase certificación de 20 h de asistencia.

Obxectivos

A intencionalidade é **fortalecer o traballo en rede das profesionais de Educación Social** dos distintos concellos de Galicia polo que a xuntanza debe ser presencial e incorporarse dentro da formación específica que dende a Xunta de Galicia se promova como mellora dos SEAF nos Servizos Sociais Comunitarios de Galicia.

- **Favorecer unha rede efectiva de coordinación** que promova figuras de referencia en crianza terapéutica nos distintos recursos do sistema de protección galego
- Xerar **rede** entre as Educadoras Sociais dos SEAFs.
- Favorecer un **marco formativo** para as Educadoras Sociais dos SEAFs.
- Intercambiar propostas de acción socioeducativa que se levan a cabo nos distintos concellos de Galicia a través dos SEAFs.

- Aprender a usar os instrumentos (VALORA) e protocolos de intervención que a diario teñen que manexar as profesionais e a coordinación efectiva entre os distintos recursos.

Destinatarias

Dispoñibles 50 prazas para:

- Educadoras Sociais dos Servizos de Educación e Apoio Familiar dos Servizos Sociais Comunitarios de Galicia.
- Persoal equipas técnicas do menor: representación provincial.
- Educadoras Sociais de centros de protección de Galicia

*Se quedaran prazas dispoñibles, estas poderían ser cubertas por persoal das equipas SEAF que non teñan o grao ou diplomatura en Educación Social.

DESENVOLVEMENTO

Localización

Residencia de Tempo Libre do Carballiño. Xunta de Galicia.



[Av. do Parque, S/N, 32500 O Carballiño, Ourense](#)



RTL: 988 788 111 CEESG: 981 552 206



RTL: rtlcarballino@xunta.gal CEESG: formacion@ceesg.gal



Datas

Xoves 12 e venres 13 de xuño de 2025.

Prazo de inscrición: ata o sábado 7 de xuño do 2025

Custo da formación

Custo da participación: 36 €. Cubre os gastos de estancia por profesional.

**Enviarase información a todos os concellos participantes recomendando a formación dentro da necesaria reciclaxe das profesionais da rede SEAF de Galicia.*

Programa

XOVES 12 de xuño

10:00. Traballando dende o xogo: propostas practicas

Unha formación dirixida a profesionais do traballo con infancia e familias. Un achegamento á aprendizaxe baseada en xogos con máis de 30 xogos para probar.

A función lúdico-pedagóxica é algo imprescindible xa que actualmente vivimos nunha "era da información", na que recibimos impactos informativos constantes, mais advirte de que non é o mesmo "ler información que sabemos que está aí, que asimilala e pasala polo corpo". O lecer e os xogos provocan motivación e conseguen facer que a información se asimile dunha maneira divertida e, sobre todo, conseguen "xerar conversa", algo esencial, "é esta conversa a que fai que a información chegue moito máis lonxe e logra concienciar mediante o disfrute".

12:00. Pausa para café e espazo Convivencial

12:30. Traballo de coordinación SEAF

Entre os obxectivos dos Servizos de Educación e Apoio Familiar están previr e atender as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familias ou unidades de convivencia, con especial atención aos menores de idade, así como realizar o seguimento e a intervención nas familias en que teña derivado aos servizos sociais especializados de atención á infancia. Para ese traballo é necesario o uso de ferramentas específicas de valoración dos casos e a coordinación cos diferentes recursos de atención e protección infantil.

13:30. Mesa de inauguración SEAF Carballiño 2025

D.Jacobo Rey Sastre. Director Xeral de Familia , Infancia e Dinamización Demográfica

Dna. Sonia González Rodríguez. Presidenta CEESG

14:00. Xantar convivencial

16:00. Espazo Formativo: Adversidad temperá e regulación emocional: estratexias de intervención dende a acción socioeducativa familiar

*Proposta de profesional especializada a cargo de **Agintzari***

A ciencia do desenvolvemento humano, a neurobioloxía e a psicoloxía relacional ensináronnos que as primeiras vivencias, especialmente aquelas marcadas pola adversidade, deixan pegadas que non sempre se ven, pero que modelan profundamente o modo en que as persoas aprenden a vincularse, a regular as súas emocións e a construír unha narrativa de si mesmas e do mundo.

Para as educadoras familiares, esta comprensión non é un luxo teórico, senón unha necesidade práctica. Cada día, no contacto directo coas familias, enfróntanse a comportamentos difíciles, vínculos fráxiles ou distorsionados e emocións desbordadas. Nese escenario, a intervención non pode limitarse á contención: necesita basearse no coñecemento profundo de como opera a adversidade, como se manifesta a desregulación emocional e, sobre todo, que ferramentas poden favorecer procesos de reparación, vinculación e transformación desde a relación educativa.

Comprender para acompañar, ler entre liñas para intervir, e soste para transformar: estes son os alicerces dunha acción socioeducativa que non só actúa sobre a realidade da infancia e as familias, senón con ela, desde un enfoque profundamente humano, sensible e profesional.

19:00. Pausa café

20:00. Cea convivencial

21.00. Espazo de Autocoidado I

A incorporación de rutinas de autocoidado son clave para mellorar a calidade de vida e previr enfermidades, tanto físicas como mentais (ansiedade, depresión, entre outros). Isto favorece o restablecemento da saúde e empodera á persoa, dándolle máis recursos e control sobre a situación que está a manexar, como podemos coidar aos demais se non somos capaces de coidarnos a nós mesmas. Aprender a coidarse é unha forma de mellorar a relación cun mesmo, implica coñecerse mellor e saber que prácticas e intereses abonan á propia saúde.

VENRES 13 de xuño

08:30. Almorzo convivencial

09:30. Espazo de Autocoidado II

10:30. Espazo Formativo: Adversidad temperá e regulación emocional: estratexias de intervención dende a acción socioeducativa familiar

*Proposta de profesional especializada a cargo de **Agintzari***

13:30. Presentación das conclusións e peche das xornadas.

Representación Ceesg.

14:00. Xantar convivencia



Fotografías da anterior edición







III ENCONTRO FORMATIVO

SEAF

SERVIZOS DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR

12 E 13 DE XUÑO CARBALLIÑO 2025



XUNTA
DE GALICIA



colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia